1.- Introdución, obxecto e método

Ámbito de estudo

Á hora de definir o ámbito territorial obxecto de estudo, a primeira reflexión a tomar é a da delimitación da área de influencia. É dicir, tratábase de establecer os criterios que se toman para definir o devandito ámbito e, en base aos mesmos, qué concellos o integran. Deste modo, considerouse que a área de Ferrol está formada polas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal tendo en conta os vínculos administrativos, poboacionais e as relacións comerciais e industriais establecidos con Ferrol e a súa comarca.


Atendendo a este criterio, o ámbito territorial obxecto de estudo está composto por un total de vinte concellos: os once municipios da comarca de Ferrol –Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño–, os cinco de Eume –Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez– e os catro concellos de Ortegal –Cariño, Cerdido, Mañón e Ortigueira.

Obxecto do informe

Ao igual que nos anteriores informes territoriais, o obxecto deste estudo é levar a cabo un diagnóstico da situación económica e social do territorio considerado a partir tanto da información estatística dispoñible como dos datos cualitativos obtidos a través das enquisas realizadas entre os sectores económicos e sociais máis representativos da zona.

Para abordar este obxectivo, o informe organízase en dúas grandes partes. A primeira, de carácter basicamente descritivo, está dedicada á análise do Panorama xeral e dos Factores críticos de crecemento. O capítulo 2 do estudio, "**Panorama xeral**", presenta un diagnóstico xenérico sobre a realidade socioeconómica da área, centrándose en aspectos como o territorio, a demografía, o mercado de traballo, os sectores produtivos e os indicadores sociais.

A segunda parte, de carácter xa máis valorativo, consta tamén de dous capítulos.




1.1.

Sobre a base do exposto na primeira parte deste informe, e tendo en conta as opcións recollidas tanto a través das entrevistas como da enquisa realizada, o capítulo 3 presenta unha **análise DAFO** (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades). Aínda que a diferenciación entre factores internos e externos non sempre está claramente definida, na primeira parte preséntanse os factores internos, fortalezas e debilidades, e na segunda parte do mesmo, os factores externos, que poden ter un impacto tanto positivo como negativo: oportunidades e ameazas.

O **cadro 1.2.** recolle un esquema deste método de estudo. Esta análise permite visualizar e resumir a situación actual da área obxecto de estudo, axudando por tanto a identificar os factores estratéxicos críticos e establecer as actuacións para consolidar as fortalezas, minimizar as debilidades, aproveitar as vantaxes das oportunidades e eliminar ou reducir as ameazas.

No último capítulo sistematízanse, a modo de **consideracións**, as orientacións ou recomendacións que, dun xeito consensuado, as organizacións e institucións representadas no Consello Económico e Social de Galicia propoñen en relación á situación actual e perspectivas de futuro de Ferrol e a súa área de influencia así como as recomendacións ou medidas de actuación.

Finalmente, e tal e como se deduce dos obxectivos expostos nos parágrafos anteriores, cómpre matizar que este traballo non pretende profundizar a nivel dun plan estratéxico para Ferrol e a súa área de influencia.



Metodoloxía

A metodoloxía aplicada neste informe se sustenta sobre catro presupostos ou factores clave:

– En primeiro lugar, o estudio ten en conta os distintos traballos realizados con anterioridade sobre a área de Ferrol, tanto a nivel global como sectorial. Non se parte, pois, de cero na análise.

– A limitación da información estatística dispoñible, xa que a medida que se descende a nivel xeográfico, esta información cada vez é menor e en moitos casos presenta un desfase temporal respecto á xa existente a nivel galego ou estatal. Isto, entre outros problemas, plantexa a dificultade de establecer marcos comparativos.

– O devandito condicionamento estatístico e o impacto da crise económica e financeira fai necesario completar dita información cunha análise cualitativa a partir das opinións recollidas a través tanto dos cuestionarios enviados como da enquisa realizada.

– As valoracións dos membros do CES, que se recollen fundamentalmente no capítulo de consideracións.

Por outra parte, a elaboración deste informe fíxose seguindo catro grandes fases. Na primeira etapa realizase unha revisión dos principais estudios sobre a área de Ferrol así como a análise das principais fontes de información estatística. Ao mesmo tempo, e dende un punto de vista cualitativo, elaborouse un cuestionario co obxectivo de coñecer a opinión de distintas institucións,

Matriz DAFO. Análise da situación actual


ANÁLISE INTERNA (factores endóxenos)	ANÁLISE EXTERNA (factores esóxenos)
FORTALEZAS Aspectos positivos da situación actual e propia do territorio. Reflicte as capacidades, recursos, posicionamentos acadados ou vantaxes para o seu desenvolvemento.	OPORTUNIDADES Aspectos positivos do entorno exterior e a súa proxección futura. Reflicte aspectos que favorecen a mellora futura do territorio.
DEBILIDADES Aspectos negativos da situación actual e propia do territorio. Reflicte aspectos que reducen ou limitan a capacidade de desenvolvemento.	AMEAZAS Aspectos negativos do entorno exterior e a súa proxección futura. Reflicte elementos externos que podan ser obstáculos para acadar os obxectivos propostos para o territorio.

1.2.

Composición da mostra analizada

	Universo poboacional				Enquisas realizadas			
	As Pontes	Ferrol	Narón	Total	As Pontes	Ferrol	Narón	Total
Concellos das comarcas de Ferrolterra				20				18
Asociacións	28	335	75	438	6	7	7	20
Sector empresarial	685	2.185	1.053	3.923	18	49	48	115
Alimentación	7	56	27	90	1	3	4	8
Arquitectura - Enxeñaría	14	50	20	84	2	6	6	14
Artes Gráficas	13	28	17	58	1	-	2	3
Carpintería	16	33	28	77	1	2	4	7
Comercio	136	326	117	579	-	-	-	-
Construción	66	284	93	443	1	6	5	12
Enerxía – Xestión de Residuos	8	2	13	23	2	2	1	5
Financeira	9	13	1	23	-	-	-	-
Xeriatría	4	9	1	14	-	-	-	-
Xestoría	32	232	45	309	-	-	-	-
Hostalaría	103	392	275	770	-	-	-	-
Inmobiliaria	12	95	18	125	-	-	-	-
Limpeza	3	25	10	38	-	3	1	4
Maiorista	5	54	13	72	-	1	-	1
Siderometalurxia – Mecanizado - Automoción	88	161	156	405	3	7	13	23
Naval	1	51	22	74	-	9	3	12
Primario	22	15	3	40	1	1	1	3
Química	6	17	10	33	2	-	3	5
Sanitario	13	41	11	65	-	-	-	-
Servizos	64	194	80	338	-	1	1	2
Subministros - Maquinaria	10	33	23	66	-	5	1	6
Téxtil	4	9	16	29	1	-	-	1
TIC	9	29	13	51	1	1	3	5
Transportes	40	36	41	117	2	2	-	4
Total empresas e entidades	713	2.520	1.128	4.361	24	56	55	135
Total enquisas				4.381				153

1.3.



1.4.

empresas e persoas que, directa ou indirectamente, están relacionadas co desenvolvemento do tecido socioeconómico de Ferrol e a súa área de influencia (ver **anexo**).

Na selección dos enquisados considerouse a necesidade de que estiveran representadas empresas das principais ramas de actividade da área, os vinte concellos considerados neste informe, así como distintas entidades sociais. Asemade, tendo en conta a elevada concentración da actividade nos concellos de Ferrol, Narón e As Pontes, a análise empresarial centrouse nestes tres concellos de xeito individual, presentando os resultados da enquisa para cada un dos mencionados concellos e para o conxunto de Ferrol e a súa área de influencia.

No que atinxe á composición da mostra analizada, o **cadro 1.3.** reflicte que se realizaron un total de 153 enquisas, das que 135 corresponden a empresas pertencentes a 17 sectores de actividade, 20 son entidades sociais e as restantes 18 son os concellos da área obxecto de análise (Moeche e Pontedeume decidiron non participar).

A segunda fase do estudio consistiu basicamente na análise da información recollida nas estatísticas consultadas o que permite realizar a análise descritiva que se presenta na primeira parte do estudio: Panorama xeral e factores de crecemento.

As dúas últimas fases, que se corresponden cunha análise máis valorativa e que está recollida nos dous últimos capítulos do estudio, consisten na elaboración da matriz DAFO e na redacción, a modo de conclusión, das propostas de directrices estratéxicas e medidas a aplicar. ❑